

Serpes e dragóns. Paralelismos entre a tradición oral de Galicia e o norte peninsular.

Rafael José Adalid Rodríguez

Resumo.

Previa introdución histórica e relixiosa sobre a figura da serpe, serpe alada ou dragón, introducirémonos de cheo na tradición oral de Galicia e o norte peninsular.

A tradición oral constitúe unha parte esencial do acervo cultural de cada pobo. De forma concreta os contos, lendas e mitos xogaron un papel primordial como transmisores de aprendizaxes e de explicacións sobre valores dunha sociedade, os cales nos permiten comprender o medio ou o entorno do que formamos parte.

Será ao longo destas narracións e estudos sobre os ofidios, onde contemplaremos as diversas atribucións que nos van permitir pór en valor os paralelismos culturais propios de localidades distanciadas. Desta maneira axudaranos a chegar aos elementos comúns asignados, que comparten as diversas formas contadas nos territorios tratados.

Introdución

Din que ante o lume nacen as lembranzas, e que o berce encerra sonos que fan voar ata lugares insospeitados.

As narracións orais esconden aprendizaxes, fins e costumes sociais que posibilitan o camiño do errante ante sendeiros sombríos. Algunhas delas, están protagonizadas por seres miríficos alados, capaces de raptar ao camiñante para trasladalo a mundos imaxinarios.

Europa, Asia, América, África... dende as diversas mitoloxías ou mesmo nas relixións, encárnanse historias de ofidios: serpes, cobras, cocas, serpes aladas, dragóns e outros seres capaces de encubrir o papel principal do protagonista nas narracións.

Destas formas adoptadas que comentamos, un dos seres máis afamados con diferenza por todo o mundo é o dragón. Ser coñecido en todo o planeta, á par de outras figuras universalizadas como a bruxa, o demo, ou mesmo protagonistas históricos como Roldán ou o Rei Artur, dos que as súas peripecias chegan a multitude de espazos xeográficos.

A través do arquetipo, de ideas universalizadas, preconcebidas e mais expandidas dos dragóns ao longo dos séculos, pártese da consideración xeral de que: cospen fogo, gústalles o ouro, poden custodiar tesouros ou princesas...

Pero cabe preguntarse: ¿Que papel encarnan nas diferentes historias? ¿A que é debido? ¿Que consideración histórica se lle proporciona a este ser?

Encadramento relixioso e narrativo.

Dende un primeiro momento a serpe, en gran parte do mundo antigo, atribuíuse co ben e co mal, como símbolo de vida e curación, pero tamén de morte.

Dende os primeiros fundamentos adversos cara este ser, providos do mundo relixioso, damos co mundo hebreo, a diferenza dos pobos máis achegados a este, onde era adorada. Aténdase pois ao maxín dos cananeos, exipcios e doutras sociedades como a grega ou a babilónica.

No contexto europeo, exemplos que temos constitúenos a famosa Hidra ou a Esfinxe na antiga Grecia. Pero hai máis, como o coñecido dragón da Cólquida, encargado de custodiar o vellocino de ouro, mentres outro impedía o acceso aos homes ao Xardín das Hespérides, onde crecía unha árbore de mazás de ouro. Ademais deixa a súa presenza nas afamadas fábulas, como nas de Fedro, quen dá lugar á coñecida como: A zorra e o dragón. Na que a primeira, cavando a súa cova, atópase cun dragón que custodia un tesouro pertencente a Xúpiter.

Á hora de desdeñar a súa perspectiva negativa dentro da herdanza xudeu cristiá, podemos remitirnos tanto á orixe como o fin. Así pois, no Xénese, o demo escóndese baixo a asimilación da serpe no pasaxe de Adán e Eva. No apocalipse, entre outros, o arcanxo San Miguel loita contra o dragón para darlle morte.

Pero nos libros relixiosos a presenza deste ser non só fai gala na terra ou no ar. Na auga atopamos a leviatán, concretamente no libro de Isaías. Non menos importante, relegándonos a un dos libros apócrifos, Daniel rematou cunha serpe enorme/dragón, ao proporcionarlle alimento conformado por brea, graxa e cabelos.

De remitírmonos aos ofidios propio das lendas relixiosas expandidas por todo o mundo, principalmente en Europa, este personaxe soe ser invencible por calquera humano. Polo tanto, a súa derrota ou dominio só pode ser producida pola intervención de santos como San Xurxo, ou o dominio de Santa Marta sobre ela.

Véxase pois, como as fazañas destes santos quedan expostas nas crenzas populares. Desta forma, recollemos a lenda de como Santa Marta en Castelaos, concello de Vilar de Santos, liberou ao pobo dunha gran serpe que atemorizaba aos veciños, portando por consecuente o nome da Santa o lugar, erixíndose no mesmo emprazamento unha capela na súa honra.¹ Narrativas universalizadas, pois no mesmo senso, cabe mencionar como noutros lugares afastados, tal e como recolle o reputado Jean Markale, hai unha lenda protagonizada por San Patricio na que se di que expulsou de toda Irlanda as serpes.²

Polo tanto, ese dominio que o ben, representado polas divindades relixiosas correspondentes, exerce sobre o mal, entendido este como aquilo que é alleo, pagán ou adulación de seres non divinizados, é impregnado ao longo dos territorios pola iconografía cristiá.

Vemos así varios atributos posibles nos que se lle achacan estes ofidios aos santos e santas. Desta maneira, nas representacións de Santa Rosa de Lima aparece a serpe, pero de forma máis significativa fáino en San Benito de Nursia onde aparece unha copa con dúas serpes, ou na de San Xoán Evanxelista con outra copa pero sendo neste caso con unha única serpe ou dragón que simboliza o veneno. Vese tamén ao apóstolo Felipe pisando a un dragón, a San Xurxo dándolle morte, Santa Margarida de Antioquía vencendo aos enganados do demo camuflado baixo esa imaxe, á Virxe María ou Purísima Inmaculada Concepción esmagando a ese mal como paisaxe do Apocalipse. Aos xa citados San Miguel, Santa Marta dominándoo e a San Patricio pisando nelas. Destacar tamén que o dominio e morte do dragón represéntase noutros como en San Silvestre ou en San Teodoro respectivamente.³

¹ Adalid Rodríguez, R. (2020): Contos, lendas e mitos da auga na Limia e pequenas achegas, Galicia encantada, nº. 16., 8. Recuperado dende <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=34&id=2886>. Fonte oral: M. Santa Marta, Castelaos, Vilar de Santos, Ourense 19 de xaneiro de 2019.

² Markale, J. (2008): Pequeño diccionario de mitología céltica. (Barcelona: José J. de Olañeta, Editor), 130.

³ De la Plaza Escudero, L. et al. (2020): Guía para identificar los santos de la iconografía cristiana. (Madrid: Ediciones Cátedra).

Cada un destes Santos, ten adxunta ao menos unha lenda haxiográfica, no que a materialización representativa alude a esas narracións. Desta maneira, as copas con serpes, remite ao posible/intento de envelenamento en cada un destes santos e santas. Ademais dragóns, tarascas e outras formas vencidas e dominadas soen representar ben ao demo ou as súas tentacións.

Non é preciso discutir que o folclore, ao longo dos anos foi outorgándolle á serpe cada vez máis calidades: patas, ás, lume... Producíndose pois na imaxinación popular, a confluencia de narracións que proveñen de historias antigas e culturas moi afastadas, con outras máis autóctonas e locais, que elaboraron os pobos entorno a un coñecemento previo que tiñan sobre o mundo.

A modo de curiosidade, podemos atender ás representacións gráficas que lles outorgaron séculos atrás persoas tan afamadas como Alberto Durerro, quen realizou uns gravados coñecidos como: A muller vestida de sol e o dragón de sete cabezas, ou O cabaleiro, a morte e o díaño no que tanto o dragón como a serpe aparecen representadas.

Sen escapar do noso territorio, expónse un cadro con varias pasaxes no Museo das Peregrinacións, en Santiago de Compostela, no que o visitante pode ver como a serpe se relaciona cun ser provinte daquilo que é descoñecido.

Fai falla expor que moitos contos, lendas e mitos propios da oralidade foron modificados, alterados ou creados pola introdución de elementos relixiosos. Portando con eles unha finalidade principalmente instrutiva.

Desta forma, a relixión predominante no noso territorio influenciou nas crenzas anteriores á súa chegada. Polo tanto, alteráronse moitas narracións hoxe en día consideradas fantásticas que, ata entón protagonizaban sucesos tomados como reais, ficando en todo momento a mercé da invención e da pretensión do uso do pobo. Unha forma de influencia foi a consideración demoníaca das crenzas anteriores á súa chegada.

Xa vista a asociación da serpe como ser asociado ao maligno dentro de textos relixiosos, consideráremola pois como a protagonista que é temida polo pobo, e que moitas veces grazas aos santos e santas do cristianismo deixan de ter pavor, pois polo frecuente o réptil encontra a morte a mans da divindade cristiá. Unha forma de facernos apreciar o poder do ben ou relixioso, contra o mal ou aquilo que non comulga co camiño citado, que a súa vez son quen de facernos temer, atopando polo tanto o camiño da tranquilidade e da felicidade coa presenza da relixión á que se debe abrazar.

Neste senso, non se nos debe esquecer o uso ou emprego de certos elementos relixiosos que interveñen nas crenzas e misticismos. Vexamos pois, en concordancia co abordado, como as campás en Cantabria servía para escorrentar ao Culebre.⁴

Ao igual que o fan na biblia, en moiras narracións o demo pode transformarse en serpe. E pode que gran parte das lendas actuais nas que teñen estes seres como protagonistas, é debido ao proceso de cristianización dos territorios. Nas que se comprenden estes seres como réptiles de gran tamaño, terrestres ou acuáticos, que con dietas antropófagas, son quen de sementalo medo en diferentes territorios.

Pero mentiríamos se encubríamos a importancia destes seres para as culturas anteriores e a súa influencia nelas. Para pobos tal como os celtas, a serpe porta a consideración de ser

⁴ Cabria, J.C. (2018): Dioses, mitos. Héroes y leyendas de Cantabria. 2ª ed. (Torrelavega: Librucos), 150.

sagrado, capaz de simbolizar o coñecemento oculto e representar tesouros ocultos ou os segredos do mundo.⁵ Sendo o dragón símbolo de forzas telúricas.⁶

Deixando o norte da península ibérica, que será tratado con posterioridade, diferenciamos varios dragóns na tradición de países considerados célticos. En Gales temos aos dragóns Addanc que é asasinado por un heroe chamado Peredur. Afang como monstro acuático ou Afanc no lago Llyn Ffynonn Las. Na Bretaña armoricana Efflam, santo bretón, é quen de amansar a un terrible dragón. En Escocia, a Beithir como unha variedade de fuath.⁷

Tamén nas narracións irlandesas aparece o dragón, ben no conto de A fonte de D'yerree-in-Dowan presente nun castelo, ou no de Beswarragal.⁸

E é que non se nos debe esquecer a importancia deste ser na literatura medieval, na que baixo uns arquetipos paralelos, numerosos cabaleiro derrotaban a dragóns na procura dunha princesa e as riquezas que este gardaba. Rememorando ás figuras relixiosas capaces de dominar ao dragón. Non obviemos a caza deste, levada a cabo por Sigfrido dentro da mitoloxía alemá, quen se volveu inmortal logo de bañarse na súa sangue.

Este ser non escapa das lendas Artúricas, ben sexa empregado para dar explicacións como no conto de O bosque de Broceliande⁹, ou con outra versión en Os dous dragóns¹⁰, na que se fala sobre a loita dun dragón branco con outro vermello. Deixa impregnadas outras narracións como a de A bacía de ouro, na que se presenta un dragón de tres cabezas.¹¹

Non debemos de esquecernos tamén de Melusina, que pode trasladar certas reminiscencias. A palabras de Jean Markale sobre esta figura, corresponde a unha deusa celta antiga relacionada coa prosperidade, riqueza e as construcións.¹² Repetíndose o arquetipo ou modelo narrativo en multitude de historias propias de outros países; ademais dunha gran saga de seres fantásticos que poden adoptar forma humana, de ofidios ou ambas.

Aínda que proseguiran as narracións dos cabaleiros andantes e as súas fazañas, tal e como se conta: a atención á lectura aos libros de cabaleiros diminuíu cara o século XVII ata practicamente desaparecer. Cara 1850 iniciou a súa recuperación en España grazas a un novo boom cultural.¹³

Noutras áreas europeas, tal como na coñecida por mitoloxía nórdica, coñecidos eran os dragóns chamados Jormungandr, ou tamén Fafnir que se transformou neste ser por avaricia, pois era previamente un anano. Nidhogg que vive no mundo de Niflheim, onde crecen as raíces da árbore de Yggdrasil quizá sexa o máis afamado. A importancia dos dragóns ou serpes nesta sociedade, faise notar dende o encabezamento das súas diferentes representacións nas embarcacións dos vikingos, máis coñecidas como drakar.

⁵ Markale, J. (2008): Pequeño diccionario de mitología céltica. (Barcelona: José J. de Olañeta, Editor), 130.

⁶ *Ibidem*, 55.

⁷ Alberro, M. (2004): Diccionario mitológico y folklórico céltico. (A Coruña: Briga Edicións); Markale, J. (2008): Pequeño diccionario de mitología céltica. (Barcelona: José J. de Olañeta, Editor).

⁸ Rosapini, R. (2003): Cuentos mágicos irlandeses. Relatos celtas de hadas y duendes. 2ª ed. (Argentina: Ediciones Continente).

⁹ García-Lluis, R. (2010): Cuentos y leyendas de la Bretaña, 2ª ed. (Madrid: Miraguano ediciones), 149-170.

¹⁰ Alonso, A. e Pelegrín, J. (2015): Leyendas del rey Arturo. (España: Oxford)

¹¹ Markale, J. (2002): Cuentos y Leyendas de los países celtas. 3ª ed. (Noia: Toxosoutos), 49-55.

¹² Markale, J. (2008): Pequeño diccionario de mitología céltica. (Barcelona: José J. de Olañeta, Editor), 105.

¹³ González de Vega, G. (2017): Doncellas y dragones. Antología de cuentos de los libros de caballerías. (Madrid: Miraguano Ediciones).

A diferenza do contexto europeo, o dragón oriental, flotaba no aire sen ás e asociábase con fenómenos meteorolóxicos. A consideración dun estudo comparativo entre narracións¹⁴, cóntase que nesta área oriental son amables, ademais de sabios, sendo considerado como símbolo de nobreza e poder; enfrontado pois cos occidentais, no que se resaltan aspectos que se atribúen a este ser, tal como: a maldade, a morte e que polo tanto se deben eliminar.

Pero é tal a cantidade destes seres miríficos e as continuas referencias en múltiples narracións, que poden ser capaces de descentrar nosa atención da principal pretensión deste estudo, das influencias do contexto histórico tratado na literatura de tradición oral propia do espazo que se trata. De todas maneiras, debemos destacar algún destes seres nativos de culturas distantes, onde ben a serpe/serpe alada ou o dragón xogan un papel central que van dende: a antiga Babilonia coa presenza de Tiamat, Nehebkau no inframundo egipcio, Ananta na hindú, Vritrá na relixión védica, Muchilinda dentro da mitoloxía budista, Illuyanka na hitita; Nagas no hinduismo, xainismo e o budismo. Ata outras como Lung na china, Zaltys entre os indoeuropeos do Báltico, o Coatlicue para os aztecas, Kukulcan na maia ou o famoso Quetzalcoatl; Daballah para a relixión vudú. Dhakhan para a tribu kabi de Australia, Bobbi-bobbi de outro pobo aborixe do norte de Australia, Kahausibware nas Illas Salomón, Ndengei y Ratu-mai-mbula en Fiyi o Yurlungur dos murngin propios da Australia setentrional.¹⁵

Ao acudir á nomenclatura, resulta sinxelo comprender o que se entende tanto por serpe alada como polas outras formas xa citadas. Pero complicase cando atendemos a múltiples nomes que reciben certos seres que, dada a súa descrición, atinxen a unha especie de seres híbridos, intermedios ou que presentan unha parte característica dos ofidios. Desta forma temos seres coñecidos como a Cocatriz, capaz ata de converter un animal en pedra ou a quen a observase, se se lle mira aos ollos.¹⁶ Acción que rememora tanto á grega Gorgona, a Medusa ou como a babilónica Khubaba entre outros.

Galicia e a inmaterialidade do patrimonio.

Os aspectos citados ata o momento, alértannos sobre paralelismos que se poden establecer entorno aos contos, mitos e lendas de lugares afastados no espazo xeográfico. Non cabe xa lugar a dúbida sobre esta acción nas lendas haxiográficas. É un feito indubidable, que se debe moi probablemente á extensión do cristianismo ao longo dos territorios.

Pero situemos un punto aparte tanto na haxiografía como en calquera forma de narración oral. Pois debemos de comprender previamente a importancia da serpe na cultura galega.

Así pois, a súa presenza no maxín galaico, atopámola dende as vellas crenzas medicinais. Pois as serpes, colocábanse cal alimento porcino das lareiras das vellas cocinas; sobre elas posuíase a crenza de que co seu unto, poderíanse quitar ou curar certas enfermidades.¹⁷ Non en van, a súa pel, tamén se utilizaba para facer medicamentos caseiros contra o catarro.¹⁸

En cantidades de relatos, as cobras devecen polo leite, por iso se debe prestar especial vixilancia ao gando durante o pastoreo, nos currais... Este arquetipo narrativo seguirá a mesma travesía que outros territorios, pois tal e como se deixará entrever despois, crese que

¹⁴ Segura, A. e Zhou Tian (2019): Estudio comparativo en la historia y en los cuentos tradicionales españoles y chinos: “San Jorge y el dragón (España) y “la hija del dragón” (China). *Tonos digital: Revista de estudios filológicos*. Nº 36.

¹⁵ Arthur Cotterell (2008): Mitos. Diccionario de mitología universal. (Barcelona: Editorial Ariel).

¹⁶ Eleonora Barsotti (2014): Dragones. Mitos y leyendas de un mundo misterioso. (Arganda del rey, Madrid – España: Edimat Libros) 26.

¹⁷ Fonte oral: Conversación con veciños da comarca de A Limia (Ourense), 24 de novembro de 2019

¹⁸ Fonte oral: J. Comarca de Viana (Ourense), 16 de febreiro de 2019.

poden entrar nas cortes e alimentarse do leite das vacas, tamén as mulleres deben ter conta sobre este acto. Se ben, cómpre puntualizar, que noutras localidades tales feitos adóitanselle atribuír ás víboras.

Remitíndonos á auga, debemos de citar aos carbuncos, especie de serpes que abundan pola lagoa de Antela, as cales portan algo brillante na súa cabeza, como unha pedra.

Pero será nas lendas, contos e mitos da súa tradición oral cando os seres a estudo aparecen gardando tesouros, concretamente con aspecto de serpe negra e formando parte do encantamento que garda esas riquezas, as cales se ocultan debaixo de grandes pedras. Ademais, as serpes de certa idade crían no seu corpo unha especie de escamas que lle permiten voar a lugares apartados como cara o mar ou certas senras.¹⁹

Antes de saír da relación binomial tesouro-serpe, faremos alusión ás múltiples historias nas que se aprecian entre outros: feitizos, transformacións en animais por parte de seres míticos e que a súa vez poden gardar riquezas.

Por unha banda, falamos de narracións nas que a moura, soe estar relacionada con riquezas, tesouros e pode adquirir forma de serpe. Damos desta maneira con historias nas que unha fermosa dama, por culpa dun feitizo, atópase convertida en serpe, agardando a que un mozo valente sexa quen de desencantala. Vexamos uns exemplos:

En Francelos, localidade que pertence ao concello de Ribadavia, por riba dunha pía situábase por veces unha moura que peiteaba seus cabelos cun peite de ouro. Un día, un mozo atrevido, foi quen de acercarse á moura e manter unha conversación. Aparte de pedirlle axuda, contoulle que tanto ela como un gran tesouro estaban baixo un feitizo. Para desencantalos, tiña que volver unha noite onde se lle presentaría unha serpe cun caravel na boca, tendo que deixarse abrazar polo réptil e retirar con seus beizos a flor que portaba. A noite que acordaron o encontro o mozo volveu, pero este, cando a serpe o envolveu entre os seus aneis, soltouse tan violentamente que caeu morta, tremendo a montaña cun ruído enorme, e volvéndose o sitio chan como está hoxe, Aquel lugar leva o nome de Chao da Moura.²⁰

De tal forma, Florentino López Cuevillas e Fermín Bouza Brey en *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza*, recollen na parroquia de Eiras a historia dunha moura que vive no castro. De gran fermosura, acorda unha cita cun mozo, pero cando o namorado chega, atópase cunha serpe que porta unha flor na boca. En realidade a serpe é a moura e o feitizo só se desfai cando o mozo fose quen de atreverse a quitarlle flor coa súa propia boca. Desafortunadamente sen final feliz, o feitizo seguiu en funcionamento, pois non se chegou a producir o desencantamento e tan esperado fin.²¹

Nas proximidades do castro de San Cibrao de Las,, atopamos o monte de San Trocado. Entre estes dous puntos circula a crenza da existencia dun túnel, o cal conecta con dito castro,

¹⁹ Fonte oral: J. Comarca de Viana (Ourense), 16 de febreiro de 2019.

²⁰ Adalid Rodríguez, R. (2020): *A mitoloxía galega relacionada coa auga. Análise de contido e aproveitamento como recurso en educación*. (Tesis de doctoramento). Facultade de Ciencias da Educación, Ourense, 109. Documento que nos fai chegar C. V.

²¹ Cuevillas, F. e Bouza Brey, F. (1929): *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza* (A Coruña: Seminario de Estudos Galegos, Edición Nós).

e no que habita unha serpe do mesmo tamaño. Outras narracións sitúan o túnel e a serpe noutro lugar distinto, o cal comunica o monte de San Trocado cos bordes do río Miño.²²

Tamén, dentro do concello de Vilar de Santos, no pobo de A Venda, fálanos do atrevemento que se debe ter entorno a unha fonte da montaña, lugar do que emerxe unha cobra cun caravel: Dise que, se alguén é capaz e lle quita a flor antes das doce da noite sen que a morda, o animal converterase nunha muller nova.²³

Outra lenda, en Vilariño de Conso, coñecida como: O cardo branco da Castiñeira, dá a explicación da causa do motivo polo que florece un cardo branco cerca dunha fonte. Dise que este é a alma dunha moza á que por causa dun feitizo se converterá en serpe. Certo día, presentóuselle a un viandante que ía a recoller auga. Para quitar o feitizo, debería volver pronto o día seguinte, onde se lle presentaría baixo a forma dunha serpe á que tiña que producirlle sangue para desfacerlo maleficio, pero o home quedou durmido; condenada por tanto a quedar encantada.²⁴

En Pena Trevinca, cóntase a historia coñecida como: A lagoa da serpe. Tal relato apunta que certas noites, o animal tomaba forma de muller, pois estaba presa dun feitizo. Esta vez, de forma afortunada, unha persoa si conseguiu desencantala, cuspiendo na boca desta.²⁵

Na localidade de Piñeira de Arcos, fálanos de que en San Xoán, na coñecida como fonte da castiñeira, saía unha señora de bastante beleza, encantada e rodeada serpes.²⁶

Polo tanto, tal feitizo que moi raras veces se consegue desfacer, pode eliminarse mediante diversas accións, as cales van dende darlle un bico á serpe, cuspirlle, ou quitarlle algunha flor da boca cos beizos.

En gran cantidade de historias, este ser trata de gardar tesouros ocultos. De vez, na conxunción serpe-moura/dama está asociada a castros, dolmens, fontes e outros lugares históricos de certo interese. Polo tanto, a súa presenza nestes simbólicos lugares, pode explicar que eses tesouros que protexían ou vixiaban, perfectamente fosen restos arqueolóxicos doutras culturas: bens do seu día a día, ofrendas, enterramentos... Polo que, tampouco se nos debe escapar a asimilación da serpe a lugares como castros, xa existentes previos á chegada do cristianismo.

²² Adalid Rodríguez, R. (2020): *A mitoloxía galega relacionada coa auga. Análise de contido e aproveitamento como recurso en educación*. (Tesis de doctoramento). Facultade de Ciencias da Educación, Ourense, 104. Fonte Oral: M. A., San Cibrao de Las, 14 de Marzo de 2017.

²³ Adalid Rodríguez, R. (2020): Contos, lendas e mitos da auga na Limia e pequenas achegas, *Galicia encantada*, nº. 16., 8. Recuperado dende <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=34&id=2886> (Consultado el 23 de enero de 2021). Fonte oral: Anónimo 1, Laioso (Vilar de Santos), 19 de xaneiro de 2019.

²⁴ Mosquera Paans, M. (2011): *Lendas de Ourense* (Ponte Caldelas: Edicións do cumio), 149.

²⁵ González Reboredo X.M. e Vilar Álvarez, M. (2003): *Galicia de lenda* (A Coruña: Hércules de Ediciones), 340-1. Reigosa, A. e Miranda X. (2006): *A flor da auga. Historias de encantos, mouros, serpes e cidades mergulladas* (Vigo: Edición Xerais), 60-1. Mosquera Paans, M. (2011): *Lendas de Ourense* (Ponte Caldelas: Edicións do cumio), 188.

²⁶ Adalid Rodríguez, R. (2020): Contos, lendas e mitos da auga na Limia e pequenas achegas, *Galicia encantada*, nº. 16., 7. Recuperado dende <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=34&id=2886> (Consultado el 23 de abril de 2020). A narración provén de fonte oral: N. V. Recollida en Piñeira de Arcos, 18 de xaneiro de 2019.

Nalgúns castros, como o de Penalba e Troña, atópanse gravados de serpe na pedra. Non nos debe esquecer aludir a un culto ofilátrico en Galicia previo á chegada do cristianismo.

Debemos ter en conta a opinión que se realiza sobre a moura, na que se traslada que aparte de ser relacionadas coa noite de San Xoán, está integradas dentro dunha estrutura muller-serpe-auga-lúa, situando a orixe da idea dentro dos pobos neolíticos peleomatriarcais, aínda que a elaboración sexa posterior.²⁷

Tal e como xa expuxemos nas narración citadas, certos seres míticos pódense presentar baixo un feitizo mediante forma de serpe como a moura. Pero ao igual que noutras mitoloxías, existen outros seres con atribucións totais ou parciais a estes seres como o afamado basilisco, quen ten parte do seu corpo de serpe. Ou outros como a xerpa, quen é equiparada coa lamia ou coas as sereas e que está caracterizada por ter medio corpo de serpe, sendo capaces de afogar aos mozos.²⁸

Nas probas líticas, camiñando de novo cara a influencia da relixión, un monumento de granito que se coñece por A pedra da serpe, en Ponteceso, resulta totalmente significativo. Se atendemos a súa base, podemos ver como está conformada por unha serpe alada, pero sobre ela atópase cravada unha cruz. Existe unha lenda sobre este lugar, a cal narra que San Adrián liberou a esta terra dunha praga de serpes, quedando encantadas baixo ese lugar.

Sobre a intervención diviña contra elas, resulta sinxelo atopar narracións. Como a que xa expuxemos ao comezo deste traballo: Santa Marta, en Castelaos, Vilar de Santos, liberou á aldea dunha gran serpe que atemorizaba aos veciños, portando por conseqüente o nome da Santa o lugar, tendo ademais no mesmo emprazamento unha capela na súa honra.²⁹

Na comarca de A Baixa Limia, a un lado do paso do río, os pais deixaban as súas fillas para que fosen devorados por unha serpe, ata que a virxe decidiu axudar a unha delas.³⁰

Noutras narracións, o demo, é quen pode transformarse en varios animais, como a serpe.

Pero Galicia non está exenta de castelos cos seus feroces dragóns. Desta maneira, damos conta como no castelo de Maceda se testemuña a crenza que de entre os seus pozos habitaba un dragón, o cal certo día ía capturar mozas á aldea.³¹

Aínda que nesta última historia se nos refire como dragón, en Galicia a denominación de dragón non é frecuente atopala, soe ser máis frecuente o emprego da nomenclatura coca. Verba que soe remitir ao dragón vencido, o dominando, o domesticado por parte da relixión. Porén, en concordancia con algúns autores e estudosos, estes ser simboliza o pecado, a herexía e as crenzas anteriores á chegada do cristianismo³², o paganismo.

²⁷ García Porral, X.C. (2010): Lendas castrexas. Antropoloxía da tradición oral no concello de Lalín. (Teo: Edicións Lóstrego), 69.

²⁸ Reigosa A., Miranda X., Cuba X. R. (1999): Diccionario dos seres míticos galegos (Vigo: Edición Xerais, 1999), 259.

²⁹ Adalid Rodríguez, R. (2020): Contos, lendas e mitos da auga na Limia e pequenas achegas, Galicia encantada, nº. 16., 8. Recuperado dende <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=34&id=2886>. Fonte oral: M. Santa Marta, Castelaos, Vilar de Santos, Ourense 19 de xaneiro de 2019.

³⁰ Irene Baspino, et al (2016): Estudo sobre o patrimonio cultural da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia)

³¹ Fonte oral: P., Maceda, 26 de agosto de 2020

³² Martínez Crespo, J. (2013): A festa da coca de Redondela. O corpus christi e as suas manifestacións. (Redondela: Concello de Redondela), 13.

Son varias as cocas existentes no territorio galego, e coñecemos festas que se celebran aínda hoxe en día, tal como a coñecida pola festa da Coca de Redondela, da que aínda hoxe en día persiste esa festividade entorno a ela e a súa morte. Cóntase sobre este ser xurdido do mar que se levaba fermosas mozas, ata que os mariñeiros remataron por darlle morte. Rememorando esta fazaña, o día do Corpus Cristi os danzantes bailan coas súas espadas.

A presenza dos dragóns nas procesións cristiás remóntase moitos séculos atrás. Xa dende os primeiros tempos do cristianismo intentouse cristianizar as manifestacións vencelladas ás festas pagás con procesión e rogativas, como por exemplo San Mamerto no século V coas celebracións pagás das ambarvalia.³³

O norte peninsular.

Ao igual que en Galicia, nas crenzas populares de Asturias, certos elementos ou partes dos animais, como os cornos da vacaloura, serven de amuleto contra o mal de ollo ou desexos negativos. Ademais, segundo conta González-Quevedo, a cabeza da cobra pórtase como protector eficaz, estando presente a crenza de que estas poden crear na súa cabeza unha pedra que deixan en certo sitios, as cales posúen a capacidade para curar o mal que provocan as súas picaduras. Incluso a muda da súa pel é beneficiosa fronte a males.³⁴ Cómpre destacar aquí a relación cos xa citados carbuncos, de que poidan portar pedras na súa cabeza.

Como é de esperar, tamén no maxín asturiano dende a perspectiva cristiá, as cobras asóciáanse ou relaciónanase co demo. Aparte, tamén devecen pola leite e son quen de facerse coa das vacas ou as das mulleres, dándolle ao fillo desta última a cola sen que se a súa nai se dea de conta, pois quedan medio durmidas.³⁵

Estendendo o arquetipo da moura galega, a súa homóloga asturiana é a xana. Polo tanto, se a moura galega é quen de converterse ou transformarse na serpe, a xana asturiana faino por exemplo en cuélebre. Tal e como ocorre en narracións perfectamente obversables³⁶

Non menos destacable é o que recolle Miguel Arrieta, na súa obra sinala que, Jacques Le Goff recolle textos medievais onde se fala de Melusina, a cal ten parecidos evidentes coas xanas. Entre eles, destacan elementos comúns, tal como a transformación en serpe alada ou dragón, a súa aparición en bosques, fontes, etc.³⁷

O cuélebre citado é o dragón ou serpe alada da mitoloxía asturiana. Pode vivir en covas, bosques ou fontes e poden ameazar a habitantes da zona próxima a súa morada, incluso chegar a comelos. É o encargado de vixiar tesouros e encantamentos ou mesmo a unha xana encantada.³⁸

O culebre é a serpe alada ou dragón cántabro.

Ao igual cos seus homónimos dos lugares xa citados, este ser mora en covas, manantiais, pozos e simas. Dá lugar, ao igual que nos anteriores espazos, a algúns dos nomes de localidades ou lugares. En sitios nos que habitan atópanse enormes tesouros, os cales tamén son custodiados baixo a presenza deste. Son antropófagos, é dicir, aliméntanse de persoas,

³³ González Pérez, C. (1993): A coca e o mito do dragón. (Vigo: Ir indo), 73.

³⁴ González-Quevedo, R. (2002): Antropología social y cultural de Asturias. (Granda-Siero: Ediciones Madú), 45.

³⁵ *Ibidem*, 277.

³⁶ Arrieta, M. (2005): Gentes y seres mágicos de la mitología de Asturias. (Somonte-Cenero Gijón: Ediciones Trea, S. L.), 32.

³⁷ *Ibidem*, 15-9.

³⁸ González-Quevedo, R. (2002): Antropología social y cultural de Asturias. (Granda-Siero: Ediciones Madú.), 285-6.

incluso se contan varias lendas que falan do sacrificio dunha moza como tributo co fin de calmala furia deste. Pero, da mesma maneira que noutros lugares, e de forma globalizada, as aldeas libéranse deste ser grazas á intervención de figuras cristiás.³⁹

En Aragón, os espazos novamente citados como covas ou lagos están habilitados por serpes-dragóns. Polo tanto, segue a norma xeral destes seres, capaces tamén de atemorizar poboacións e de devorar as súas vítimas.

No pobo aragonés, atopamos varios dragóns ou serpes aladas como Belaín, que tiña a función de gardar un tesouro en Entremuros, Barbastro. Outro sería o Lacuerco: tipo de dragón-serpe que habita en ríos e lagos, pero con esta figura vólvese a observar o gusto cara o leite das persoas e dos animais, xa atrás referido en Galicia e Asturias. O mesmo pasa coas Sirpiéns, que ante a mesma acción, ao igual que en Asturias, introduce súa cola na boca do bebé mentres elas inxiren a leite da nai. Outros seres de mención son: Drac alat, dragón de Canigó, dragón de Oroel, ou o dragón de Siresa.⁴⁰

Puntualizar tamén sobre este territorio que, si a moura se converte en serpe e a xana en cuélebre, a mora aragonesa non é menos e tal e como se indica, pódese facer en sirpién.⁴¹

Para falar do País Vasco e da súa etnografía é obrigado recorrer ao gran Xosé Miguel de Barandiarán. Entre os seres que recolle ao longo dos anos nos seus variados e múltiples estudos, é de especial mención Herensuge, entre outras nomenclaturas que se lle atribúen. Descríbeo como un xenio que adopta a figura de serpe, chegando a protagonizar incluso narracións nas que presenta sete cabezas. Mora e aparece en penedos, simas, covas, ademais de ter unha alimentación antropófoga, pois é quen de devorar as persoas e ao gando. Tal e como tamén expón, en varias lendas son de novo os santos quen vencen a este ser.⁴²

Tal e como se apunta no parágrafo anterior, o Herensuge pode aparecerse con sete cabezas. Pero non é un elemento característico propio desta área xeográfica, pois no folclore galego tamén hai cobras de sete cabezas que gardan tesouros ou raptan rapazas novas.⁴³

De novo, no País Vasco, Xosé Miguel describe ao Sugaar, vocablo que significa serpe masculina. Enténdese por el como un ser mirífico que atravesa o firmamento en figura de fouce de lume, habita en rexións subterráneas saíndo á superficie por antros. Parella da gran Mari, peitea seus cabelos todos os venres. Seu paso é presaxio de tempestade e ao igual que o anterior ser, aparece en cimas ou covas.⁴⁴

En último lugar, destacar que mari pode transformarse de varias formas, entre outras moitas de serpe. Polo que volvemos asociar directamente un ser mítico coas serpes. Este ser déixase ver en covas e simas, tamén é asociada con certos tesouros e algunhas das súas lendas seguen o arquetipo propio da mouras galegas, sendo propicia a establecer paralelismos, pero sen proceder no presente documento.

Conclusión.

³⁹ Cabria, J. C. (2018): Dioses, mitos. Héroes y leyendas de Cantabria. 2ª ed. (Torrelavega: Librucos), 147-51.

⁴⁰ Gutierrez Lera, C. (2008): Breve inventario de seres mitológicos fantásticos y misteriosos de Aragón. 3ª Edición. (Zaragoza: Prames).

⁴¹ *Ibíd*em, 197.

⁴² Barandiarán, J.M. (2014): Mitología vasca. 21ª ed. (Donostia: Txertoa), 79-80-81.

⁴³ Reigosa, A., Miranda, X., Cuba, X. R. (1999): Diccionario dos seres míticos galegos (Vigo: Edición Xerais), 84.

⁴⁴ Barandiarán, J. M. (2014): Mitología vasca. 21ª ed. (Donostia: Txertoa), 81-82.

O marco no que se encadra este ser a estudo contén un dobre encaixe: Positivo, para certos pobos en canto ao tratamento medicinal e espiritual da cultura dalgúns pobos previos á chegada do cristianismo. Negativo, na súa vertente perigosa e con posterioridade á chegada da relixión católica como ao norte peninsular.

O pobo hebreo, a diferenza dos seus veciños e outros lugares xa máis afastados, vilipendian a este ser. Véndose por conseguinte manifestada a súa pegada negativa no legado xudeu cristiá, observable ao longo dos seus diferentes libros.

Remitíndonos ás lendas relixiosas de carácter local, a súa vez espalladas por todo o mundo, móstranos que este personaxe, o cal amedrenta ás persoas, a súa derrota ou dominio é producido grazas á intervención de santos. Este dominio que o ben, representado polas divindades relixiosas correspondentes, fai sobre o mal ou o pagán, queda impregnado na iconografía cristiá. Polo tanto pódese dicir que as serpes das lendas representan aquilo que se debe dominar, controlar.

Para certos pobos como os celtas, a serpe porta a consideración de ser sagrado, capaz de simbolizar o coñecemento oculto e representar tesouros ocultos ou os segredos do mundo. Desta maneira, nalgúns castros, como o de Penalba e Troña atópanse gravados de serpe en pedra. Pois non se nos debe esquecer aludir a un culto ofilátrico en Galicia previo á chegada do cristianismo.

Na actualidade, moitísimos territorios contan no seu haber cunha serpe alada, un dragón ou un ser que garda relación con este réptil. Existen seres como basiliscos, cocas e mesmo variantes ou híbridos das serpes e das cobras.

Animal, a serpe, que non só ten súa pegada nas múltiples narracións orais, como en Galicia, na que o saber sobre ela vai máis alá, pois empregábase con anterioridade de maneira medicinal. Aspecto que se estende a outros territorios como o asturiano.

Centrándonos no maxín galego, asturiano, cántabro, vasco e aragonés, podemos afirmar que son diversas as ideas universalizadas e expandidas sobre os dragóns e as serpes ao longo dos séculos. Desta maneira, a súa presenza dentro das narracións das culturas populares propias das localidades a estudo, poden discernir diversos puntos en común presentes neses contos, lendas e mitos:

- Morada ou presenza en espazos como covas, pozos, castelos, simas...
- Gardan tesouros e raptan princesas novas.
- Carácter antropófago.
- Devecen polo leite materno ou de animais como a vaca.
- Teñen a poboacións atemorizadas e grazas á intervención de, polo xeral, un/ha santo/a, libéranse delas.
- Seres míticos de gran importancia nas súas respectivas culturas, poden transformarse en serpe: A moura en Galicia e Portugal convértese nela, a xana en cuélebre, a mora aragonesa en sirpién ou a mari vasca entre outros mostran este exemplo.

Ademais, tanto en Galicia como en Asturias, sen mencionar outras áreas xeográficas non peninsulares nas que tamén sucede, as serpes ou carbuncos poden portar ou crear na súa cabeza unha pedra/espello/xema preciosa.

Sobre a súa presenza nas narracións, debemos de pór a un lado os adornos que toda a veciñanza marcou a estas historias e centramos na base e no común. Pois é o pobo quen conta, elabora/modifica e o volve transmitir. É innegable que moitos contos, lendas e mitos propios da oralidade foron introducidos, modificados ou alterados pola introdución de aspectos relixiosos, adquirindo unha finalidade principalmente instrutiva. Pero tamén, pode

que algunhas narracións ou crenzas nos chegasen por reminiscencias previas á chegada do cristianismo, aínda sendo latente o influxo que nelas puidesen exercer as relixións actuais.

Bibliografía.

- Adalid, Rafael (2020): «Contos, lendas e mitos da auga na Limia e pequenas achegas», en *Galicia encantada*, nº. 16. Recuperado dende <https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=34&id=2886>
- Adalid, Rafael (2020): «A mitoloxía galega relacionada coa auga. Análise de contido e aproveitamento como recurso en educación» en *Tesis de doctoramento*. Facultade de Ciencias da Educación Ourense.
- Alberro, Manuel (2004): *Diccionario mitológico y folklórico céltico*. (A Coruña: Briga edicións).
- Alonso Ana y Pelegrín Javier (2015): *Leyendas del rey Arturo*. (España: Oxford)
- Arrieta, Miguel (2005): *Gentes y seres mágicos de la mitología de Asturias*. (Somonte-Cenero: Gijón) Ediciones Trea, S. L.
- Barandiarán, José Miguel (2014): *Mitología vasca*. 21ª ed. (Donostia: Txertoa).
- Baspino, Irene et al. (2016): *Estudo sobre o patrimonio cultural da Reserva da Biosfera Transfronteiriza Gerês-Xurés* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia)
- Barsotti, Eleonora (2014): *Dragones. Mitos y leyendas de un mundo misterioso*. (Arganda del rey, Madrid – España: Editorial Edimat).
- Cabria, Juan Carlos (2018): *Dioses, mitos. Héroes y leyendas de Cantabria*. 2ª ed. (Torrelavega: Librucos.)
- Cotterell, Arthur (2008): *Mitos. Diccionario de mitología universal*. (Barcelona: Editorial Ariel).
- Cuevillas, Florentino. & BOUZA BREY, Fermín (1992): *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatría en Galiza*. (A Coruña: Seminario de Estudos Galegos, Edición Nós).
- De la Plaza Escudero, Lorenzo, et al. (2020): *Guía para identificar los santos de la iconografía cristiana*. (Madrid: Ediciones Cátedra).
- García-Lluis, Ros. (2010): *Cuentos y leyendas de la Bretaña*, 2ª ed., Miraguano ediciones, Madrid.
- García Porral, X.C. (2010): *Lendas castrexas. Antropoloxía da tradición oral no concello de Lalín*. (Teo: Edicións Lóstrego).
- González de Vega, Gerardo (2017): *Doncellas y dragones. Antología de cuentos de los libros de caballerías*. (Madrid: Miraguano Ediciones).
- González-Quevedo, Roberto (2002): *Antropología social y cultural de Asturias*. (Granda-Siero: Ediciones Madú).
- González Pérez, Clodio (1993): *A coca e o mito do dragón*. (Vigo: Ir indo).
- Gutierrez Lera, Chema (2008): *Breve inventario de seres mitológicos fantásticos y misteriosos de Aragón*. 3ª Edición. (Zaragoza: Prames).
- González Reboredo, Xosé Manuel & VILAR, Manuel (2003): *Galicia de lenda*. (A Coruña: Hércules de Ediciones).
- Markale, Jean (2008): *Pequeño diccionario de mitología céltica*. (Barcelona: José J. de Olañeta, Editor).

- Markale, Jean. *Cuentos y Leyendas de los países celtas*. 3ª ed. (Noia: Toxosoutos, 2002).
- Martínez Crespo, José (2013): *A festa da coca de Redondela. O corpus christi e as suas manifestacións*. (Redondela: Concello de Redondela).
- Mosquera, Miguel (2011): *Lendas de Ourense*. (Ponte Caldelas: Edicións do cumio).
- Reigosa, Antonio; Miranda, Xosé & Cuba, Xoán (1999): *Diccionario dos seres míticos galegos*. (Vigo: Edición Xerais).
- Reigosa, Antonio e Miranda, Xosé (2006): *A flor da auga. Historias de encantos, mouros, serpes e cidades mergulladas*. (Vigo: Edición Xerais)
- Rosapini, Roberto (2003): *Cuentos mágicos irlandeses. Relatos celtas de hadas y duendes*. 2º ed. (Argentina: Ediciones Continente).
- Segura, Ainhoa y Zhou Tian (2019): Estudio comparativo en la historia y en los cuentos tradicionales españoles y chinos: “San Jorge y el dragón (España) y “la hija del dragón” (China). *Tonos digital: Revista de estudios filológicos*. N° 36.